

ANUNCIO

**APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA ADXUDICACIÓN DAS VIVENDAS DE CESIÓN TEMPORAL DO CONCELLO DE RIANXO**

A Xunta de Goberno do Concello de Rianxo, na sesión extraordinaria do 23.01.2025, aprobou AS BASES REGULADORAS DA ADXUDICACIÓN DAS VIVENDAS DE CESIÓN TEMPORAL DO CONCELLO DE RIANXO, que a continuación se transcribe:

**BASES REGULADORAS DA ADXUDICACIÓN DAS VIVENDAS DE CESIÓN TEMPORAL DO CONCELLO DE RIANXO****1. OBXECTO**

É obxecto das presentes bases regular a adxudicación das vivendas de cesión temporal das que dispón o Concello de Rianxo para atender a necesidades de residencia habitual e permanentes de unidades de convivencia con ingresos inferiores a 2,5 IPREM (14 pagas) e que requiren dunha vivenda en condición de renda axeitada.

As vivendas das que dispón na actualidade o Concello de Rianxo son as seguintes:

VIVENDAS	ESCALEIRA	PLANTA	PORTA
VIVENDA	1	01	DR
VIVENDA	1	01	IZ
VIVENDA	2	01	DR
VIVENDA	2	01	IZ
VIVENDA	1	02	DR
VIVENDA	1	02	IZ
VIVENDA	2	02	DR
VIVENDA	2	02	IZ

Localízanse na parcela catastral 5225040NH1252S0001YU

**2. REQUISITOS**

2.1. Poderán solicitar unha vivenda de cesión temporal as persoas físicas, para sí ou para a súa unidade de convivencia, que polo súa situación ou polos seus escasos recursos económicos, non poidan acceder a unha vivenda de cesión temporal a prezo de mercado.

2.2. A unidade de convivencia debe cumprir cos seguintes requisitos:

a) A unidade de convivencia deberá estar formado por un máximo de 5 persoas.

b) Ter ingresos anuais ponderados inferiores a 2,5 IPREM (14 pagas).

c) Ter ingresos mínimos anuais ponderados do 80% IPREM (14 pagas).

*Considérase **unidade de convivencia** o conxunto de persoas que habitan e gozan dunha vivenda de forma habitual, permanente e con vocación de estabilidade, con independencia da relación que exista entre todas elas. Unha unidade de convivencia pode estar composta por varias unidades familiares, cuxa composición será a establecida na normativa reguladora do IRPF.*

2.3. As persoas físicas solicitantes deben cumprir os seguintes requisitos:

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 700.848 exp. 2025/G007/000002

- a) Ser maior de idade ou menor con emancipación concedida e non ter incapacidade de obrar para obrigarse contractualmente de acordo co Código Civil.
- b) Residir legal, efectiva e continuadamente no Concello de Rianxo durante un período de, polo menos, seis meses con anterioridade á data da solicitude.
- c) Non ser titular, a persoa solicitante ou calquera outro/a membro da unidade de convivencia, dunha vivenda en réxime de propiedade de pleno dominio ou dun dereito real de uso ou goce sobre outra vivenda. Non obstante, este requisito non será de aplicación no caso de sentenza xudicial de separación ou divorcio cando, como consecuencia deste, non se lle adxudicara o uso da vivenda que constituía a residencia familiar, así para os casos nos que as vivendas non reúna as condición hixiénico-sanitarias necesarias.

2.4. O incumprimento de calquera das condición anteriores producirá a non admisión da solicitude.

### 3. FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas interesadas deberán presentar o modelo de solicitude que figura como anexo ás presentes bases, así como o resto da documentación complementaria que se indica no dito anexo.

As solicitudes poderanse presentar durante os 20 días hábiles posteriores ao da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia.

As instancias presentaranse en calquera dos rexistros do art.16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

### 4. CRITERIOS DE VALORACIÓN

Os criterios que se terán en conta para a adxudicación das vivendas de cesión temporal serán os seguintes:

INGRESOS PONDERADOS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA	
Unidades de convivencia con ingresos menores do 1,5 IPREM (14 pagas)	6 puntos
Unidades de convivencia con ingresos entre o 1,5 e 2 IPREM (14 pagas)	4 puntos
Unidades de convivencia con ingresos entre o 2 e o 2,5 IPREM (14 pagas)	2 puntos
NECESIDADE DA VIVENDA	
Vivenda sobre a que exista unha orde de desaloxo ou desafiuzamento	4 puntos
Vivenda en malas condición de habitabilidade pola súa seguridade, as súas condición hixiénicas, barreiras arquitectónicas, superficie da vivenda, etc.	2 puntos
COMPOSICIÓN FAMILIAR	
Por cada menor de 18 anos da unidade familiar	4 puntos
Por cada persoa maior de 80 anos a cargo da unidade familiar	2 puntos
Por cada persoa con grao de discapacidade a cargo da unidade familiar	2 puntos
Por cada persoa con dependencia que forme parte da unidade familiar	2 puntos
Familias monoparentais ou familias acolledoras	2 puntos
Vítimas de violencia de xénero	3 puntos

En caso de obter igual puntuación, terán preferencia en primeiro lugar as solicitudes con composición familiar con maior número de menores, en segundo lugar con algún membro que pertenza aos grupos de especial consideración segundo Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, en terceiro lugar as unidades de convivencia con ingresos ponderados e, se persiste o empate, resolverase por sorteo.

## **5. ADXUDICACIÓN**

5.1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o persoal técnico do departamento de Servizos Sociais valorará cada petición de acordo cos criterios de valoración sinalados no punto anterior e elaborará a lista municipal de demandantes.

5.2. Por acordo de Alcaldía resolverase, de ser o caso, a aprobación da lista municipal de persoas demandantes en base aos ditos informes técnicos.

5.3. As adxudicacións realizaranse seguindo estritamente a orde establecida na listaxe municipal de vivenda e formalizaranse coa sinatura do correspondente contrato de cesión temporal da vivenda.

5.4. A cesión será por un prazo de dous anos contados dende a data de formalización do contrato. Transcorrido este tempo, e sempre que se manteñan as condicións que orixinaron a concesión, esta poderase renovar por novos prazos bianuais ata un máximo de seis.

## **6. DEREITOS E DEBERES DAS PERSOAS BENEFICIARIAS**

6.1.- As persoas beneficiarias dunha vivenda en réxime de cesión temporal quedan suxeitas ás seguintes obrigas:

- Ocupar a vivenda e destinala á súa vivenda habitual e permanente, así como da súa unidade de convivencia, polo que non poderá mantela desocupada ou dedicala a segunda residencia ou a outros usos non autorizados.
- Se a persoa titular do dereito de cesión conta con desocupar a vivenda por un período superior a dous meses, deberá previamente comunicarlle dita circunstancia por escrito ao Concello de Rianxo e explicar as razóns da desocupación.
- Non poderá ceder a vivenda nin en arrendamento nin en precario.
- Deberá colaborar cos servizos de inspección do Concello de Rianxo no momento no que sexan requiridos para iso, e proporcionarlles os documentos para a comprobación, entre outros, do nivel de cumprimento da obriga de residencia, estado da vivenda, condicións de habitabilidade, salubridade e hixiene.
- Non poderá acometer ningún tipo de obra ou mellora na vivenda. No caso de se producir algunha avaría na instalación, deberase dar conta ao Concello de Rianxo nun prazo non superior a 24 horas.
- Formalizar as altas nas correspondentes empresas subministradoras de luz e auga.
- Aboar os gastos e consumos que se orixinen como consecuencia da utilización da vivenda tales como a enerxía eléctrica, o teléfono, o gas, etc., así como o pagamento das taxas de auga, lixo e saneamento.
- Aboar mensualmente a taxa establecida na Ordenanza fiscal correspondente.
- Antes da subscripción do documento de formalización da cesión, depositar na Tesouraría municipal fianza en metálico por importe dunha mensualidade da taxa.

- Deixar as vivendas nas mesmas condicións nas que lle foi entregada, agás as que se deriven do desgaste polo seu uso normal durante o prazo de arrendamento.
- Será por conta da persoa adxudicataria a limpeza da vivenda, mobiliario e demais utensilios, e deberá manter a limpeza dos corredores e demais elementos común.
- Non poderán residir na vivenda máis persoas que as sinalizadas expresamente na solicitude como membros da unidade de convivencia.
- Non poderán terse animais, agás os cans-guía no caso de resultar necesarios.
- Calquera variación de ingresos ou circunstancia persoal das persoas que formen a unidade de convivencia deberá de ser posta en coñecemento do Concello de Rianxo no prazo máximo de 1 mes.

## 7. LISTAXE MUNICIPAL DE DEMANDANTES

O Concello de Rianxo creará unha listaxe onde figuren todas as persoas solicitantes de vivenda admitidas, segundo a orde de puntuación obtida de acordo co proceso de valoración.

No caso de que varias unidades de convivencia obteñan a mesma puntuación remítese ao criterio de desempate sinalado no punto 4.

Todas as solicitudes de vivenda efectuadas, logo de seren revisadas e admitidas, incorporaranse á listaxe municipal de vivenda. No caso de que non cumpran os requisitos establecidos, comunicaráse á persoa interesada a non procedencia da súa inclusión na listaxe.

A renuncia a unha vivenda supón a exclusión da listaxe municipal de vivenda.

A listaxe de solicitantes de vivenda irase renovando e publicando cada dous anos, polo que calquera vivenda social que quede vacante será adxudicada considerando a puntuación.

## 8. NORMATIVA REGULADORA

En todo o non previsto nas presentes bases, así como en caso de contradición, rexerá o disposto na ORDENANZA REGULADORA DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, NORMAS DE FUNCIONAMENTO E UTILIZACIÓN DAS VIVENDAS DE CESIÓN TEMPORAL DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIANXO aprobada polo Pleno do Concello de Rianxo en sesión celebrado con data de 31.10.2024, así como o disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

## ANEXO

### Solicitude de vivenda de cesión temporal do Concello de Rianxo

URL de descarga:

<https://concelloderianxo.gal/documents/10545/23289/Solicitude+de+vivenda+de+cesi%C3%B3n+temporal+do+Concello+de+Rianxo.pdf>

## SOLICITUDE DE VIVENDA DE CESIÓN TEMPORAL DO CONCELLO DE RIANXO

### PERSOA SOLICITANTE

nome e apelidos	documento de identidade		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
endereço postal para notificacións	localidade		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
código postal	municipio	provincia	país
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
correo electrónico para notificacións electrónicas	teléfono		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		

### REPRESENTANTE (persoa que presenta esta solicitude no nome da titular, de ser o caso)

nome e apelidos ou razón social	documento de identidade
<input type="text"/>	<input type="text"/>
actuando en calidade de (tipo de representación, que deberá ser acreditada)	
<input type="text"/>	
correo electrónico para notificacións electrónicas	teléfono
<input type="text"/>	<input type="text"/>

### NOTIFICACIÓN

Notificar a:  Persoa interesada  Representante

Canle de notificación:  Electrónica  Postal só persoas físicas non obrigadas (art 14.2 Lei 39/2015)

As notificacións electrónicas practícanse a través do portal Notific@ (notifica.xunta.gal). Para poder acceder ao contido das notificacións electrónicas precisase dun certificado dixital, DNI electrónico ou Chave365. Ao solicitar a notificación electrónica, a persoa solicitante ou a representante acepta ser subscrita de forma automática aos servizos de notificación do Concello de Rianxo a través da dita plataforma. Máis información en [concelloderianxo.gal/notifica](http://concelloderianxo.gal/notifica).

### UNIDADE DE CONVIVENCIA

parentesco	nome e apelidos	dni/nie/pasaporte	data de nacemento
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

### SINATURA

A persoa interesada ou representante

,  de  de

**Concello de Rianxo** Praza Castelao 1, 15920 Rianxo **Tel.** 981 86 00 75 **Fax** 981 86 66 28 [www.concelloderianxo.gal](http://www.concelloderianxo.gal)

## SOLICITUDE DE VIVENDA DE CESIÓN TEMPORAL DO CONCELLO DE RIANXO

### DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ACREDITATIVA DE CUMPRIR OS REQUISITOS E A EFECTOS DE VALORACIÓN DAS SOLICITUDES

- DNI/NIE/Pasaporte, ou calquera outro documento análogo que acredite a identidade da persoa
- Certificado de empadramento HISTÓRICO COLECTIVO
- Declaración da Renda relativa ao último período impositivo con prazo de presentación vencido.
- Certificado de imputación de rendas emitido pola AEAT xunto con declaración responsable dos ingresos (en caso de non dispoñer de Declaración da Renda)
- Certificado do Rexistro Catastral de non ser titular, a persoa solicitante ou calquera outro membro da unidade de convivencia, dunha vivenda en réxime de propiedade de pleno dominio.
- Declaración responsable de non ser beneficiario/a dun dereito real de uso ou goce sobre unha vivenda
- Documentación acreditativa da situación de dependencia.
- Documentación acreditativa da situación de discapacidade.
- Documentación acreditativa da situación de vítima de violencia de xénero.
- Documentación acreditativa da situación de familia monoparental.
- Documentación acreditativa da situación de familia acollidora.

### INFORMACIÓN EN MATERIA DE PROTECCIÓN DE DATOS

O Concello de Rianxo é o Responsable do tratamento dos seus datos persoais e infórmalle que estes datos serán tratados de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do 27 de abril (GDPR), e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro (LOPDGDD), coa finalidade de dar cumprimento á súa solicitude (baseado nunha obriga legal, artigo 6.1.c RGPD) e non conservalos durante máis tempo do necesario para manter o fin do tratamento ou mentres existan prescricións legais que ditaminen a súa custodia.

Non se comunicarán os datos a terceiros, agás obriga legal. Así mesmo, infórmalle de que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose a Concello de Rianxo en PZ CASTELAO, 1 - 15920 RIANXO (A Coruña). Correo electrónico: [dpd@concelloderianxo.gal](mailto:dpd@concelloderianxo.gal) e o de reclamación a [www.aepd.es](http://www.aepd.es).

Datos de contacto do delegado de protección de datos: [dpd@concelloderianxo.gal](mailto:dpd@concelloderianxo.gal))



Rianxo, xoves 24 de xaneiro de 2025

O alcalde, Julián Bustelo Abuín